

- PROCEDEMENTO:** Resolución do 29 de abril de 2024, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, para o desenvolvemento de proxectos de programación musical na Rede Galega de música ao vivo en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais (CT 302D).
- ASUNTO:** 2ª Resolución da concesión

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 20 de maio de 2024 publicouse a Resolución do 29 de abril de 2024, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, para o desenvolvemento de proxectos de programación musical na Rede Galega de música ao vivo en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais (CT- 302D).
2. Rematado o prazo de presentación de solicitudes e revisados os expedientes polo órgano instrutor da Agadic, con data 27 de xullo concédese a subvención a cinco solicitantes que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria e inadmite a unha solicitude.
3. As restantes solicitudes presentadas, un total de seis, se lle require por falta de documentación presentada xunto coa solicitude. Duas de estas contestan en prazo ao requirimento cumprindo os requisitos de admisión previstos nas bases reguladoras da convocatoria e contan con toda a documentación complementaria prevista no artigo 9, poden ser beneficiarias de subvención ata o importe máximo previsto no artigo 3.2 das bases reguladoras a contía máxima, da subvención é de 30.000 euros (IVE excluído). Aos outros catro solicitantes se lles ten por notificado o requirimento e non emenda en prazo.
4. A relación de solicitudes que conforman o anexo II foron requiridas para que no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte a notificación do requirimento, emenden o defecto advertido e presente os documentos preceptivos. Rematado o prazo de dez días non presentan documentación que emende o defecto da solicitude, polo que se considera que desisten da súa petición.
5. A relación de solicitudes que conforman o anexo III cumplan os requisitos requiridos nos artigos 2, 3 e 4 das bases reguladoras da convocatoria para recibir a axuda,



determinándose a contía da axuda segundo o artigo 4 das bases reguladoras da convocatoria.

6. En data 30 de agosto de 2024 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) trala instrución do expediente, emite proposta de resolución da concesión da axuda.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o Presidente do Consello Reitor da Agadic, segundo sinalado no artigo 13.2 da Resolución do 29 de abril de 2024, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, para o desenvolvemento de proxectos de programación musical na Rede Galega de música ao vivo en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais (CT- 302D), debendo ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

Examinada a proposta de resolución do Director da Agadic, e de conformidade con ela,

RESOLVO:

1. Declarar desistidas na súa solicitude, por non contestar ao requirimento en prazo e non aportar a documentación requirida pola convocatoria das entidades solicitantes que se relacionan no anexo II.
2. Conceder a subvención, e polo importes que se expresan, por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria, as entidades solicitantes que se relacionan no anexo III.

A presente resolución de concesión de subvencións pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas).



Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

Notifíquese a presente resolución aos interesados, de conformidade co establecido na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

Xosé Campos López

ANEXO II

RELACIÓN DE SOLICITUDES DESISTIDAS

Nº Expediente	Solicitante	NIF	Causa de desistencia
CT302D_2024_06	SALA A VENTANA, S.L.	B13707062	Artigo 8.2 das bases reguladoras da convocatoria: <i>Non achega a documentación esixida na normativa e non emenda o requirimento en prazo.</i>
CT302D_2024_09	CASA DAS CRECHAS SL	B15655384	Artigo 8.2 das bases reguladoras da convocatoria: <i>Non achega a documentación esixida na normativa e non emenda o requirimento en prazo.</i>
CT302D_2024_10	FONOSAURIOS SOCIEDAD LIMITADA	B94180692	Artigo 8.2 das bases reguladoras da convocatoria: <i>Non achega a documentación esixida na normativa e non emenda o requirimento en prazo.</i>
CT302D_2024_11	QUIRGAN LUCUS SL	B27441070	Artigo 8.2 das bases reguladoras da convocatoria: <i>Non achega a documentación esixida na normativa e non emenda o requirimento en prazo.</i>



ANEXO III

PROXECTOS SUBVENCIONADOS E IMPORTES DAS AXUDAS

Nº de expediente	Solicitante	NIF Solicitante	Proxecto	Importe solicitado	Importe concedido 2024	Importe concedido 2025
CT302D_2024_07	DOIS SC	J70580998	Rede Galega de músicos ao vivo na Sala Guión Club	28.240,00 €	14.120,00 €	14.120,00 €
CT302D_2024_08	MEIJUEIRO RODRIGUEZ, EDUARDO. 000456607N SLNE	B36932846	Programación musical de La Pecera	28.300,00 €	14.150,00 €	14.150,00 €

